

Onte, despois do almorzo servido na (¡espléndida! pasen e miren) residencia universitaria ‘Burgo das Nacións’ de Santiago, volveron aos seus lugares de orixe os participantes na terceira edición de *Trasatlántico. Encontro de escritores na Finisterrae*. Chámanse así as xornadas de literatura que veñen celebrándose anualmente por estas datas e que, dende o seu comezo (1998), tiveron un marcado carimbo de afirmación iberoamericana con toda a complexidade que, dende o punto de vista histórico, lingüístico, cultural e semiótico conleva este concepto. Un concepto que, como se puxo de manifesto nesta ocasión explicitamente, está necesitado dunha vivencia interiorizada máis profunda por parte das distintas e ás veces non tan distantes sociedades que ocupan os diferentes espazos xeográficos que abrangue; dun sentimento de pertenza a unha comunidade que, malia a devandita complexidade, desenvolve a súa actividade simbólica en zonas de intersección comúns non sempre ben ponderadas e aproveitadas para unha máis forte cohesión e enriquecemento mutuo.

A idea, que xurdiu no seu día da imaxinación do escritor Suso de Toro apoiada con entusiasmo por uns poucos amigos e cun algo de escepticismo por parte doutros, foi consolidándose en feitos e hoxe é xa unha realidade con froitos que se renovan cada ano ao reclamo de lemas e temas sobre os que centrar a atencións dos escritores e escritoras invitados *ad hoc* para cada ocasión.

Este ano a convocatoria presidiuna o epígrafe *O escritor e a crítica*, vella fonte de reflexións e xeradora de moito e moi fructífero pensamento que tampouco nesta ocasión frustrou as expectativas que a súa soa enunciación espertou de sempre no ámbito das letras, polo que contén de posibilidades dialécticas produtoras de tensións enriquecedoras e tamén de actitudes moi variadas, certamente non sempre exentas dunha miga de irracionalidade, inexplicábel en persoas que, talentosas de seu e mesmo luentes co xenial, semellan desactivaren por veces os mecanismos do pensar racional e, xa que logo complexo e multiasociativo, para caer en reduccionismos e esquematismos algo adolescentes.

No seu día, cando se dean á luz os (necesariamente) breves textos que se leron no encontro, poderase trazar unha máis completa descrición e valoración do que deron de si estas xornadas de *Trasatlántico 2000*, pero o que si se pode adiantar é que en todas as sesións ás que este cronista puido asistir, non só sobrevoou, senón que aterrou en moitas ocasións a convicción de que o mercado está a substituír a crítica na necesaria orientación que se debe dar ao público, é dicir aos posíbeis lectores e lectoras. Enténdase: as técnicas de publicidade e de persuasión mercantil aplicadas á literatura están a converter esta, dende hai xa moitos anos (todo hai que dicilo), nunha mercadoría que ten que atraer a alguén a quen o mercado non mira pola súa condición de posíbel *lector*, condición que lle é indiferente, senón de gorentoso *consumidor* con quen a relación remata no acto de adquirir esa mercancía e non ten por qué desembocar necesariamente no feito da lectura.

Hai moito que reflexionar sobre a necesidade da crítica como compoñente fundamental do(s) sistema(s) literario(s), cousa que, así mesmo, coido que quedou ben de manifesto, explícita ou implicitamente, malia algúns escritores presentes (¿e sobre todo escritoras?) e moitos/as ausentes denigrárena. E polo que respecta á crítica da literatura galega, nun momento como o actual, no que esta xa presenta síntomas suficientes de estar deixando de ser un sistema feble e periférico para se converter en

centro de si mesmo, urxe, así mesmo, levar a cabo unha análise serea e ponderada dos avances que experimentou nos últimos vintecinco anos e das carencias e atrancos de que adoece, para tratar de poñer algo de sentido común nunha actividade que, de non ser considerada e apreciada como debe, pode sulagarse no silencio a favor das exclusivas conveniencias do mercado ou de cousas aínda peores.

Cómpre subliñar, finalmente, as dificultades económicas con que teñen que se desenvolver as xornadas, malia os malabarismos dos meritísimos coordinadores, Carlos Quiroga e Anxo Abuín, pois as asignacións das entidades colaboradoras (Caixa Galicia, Consellería de Cultura, Concello e Universidade) non abundan para cubrir sen desacougos as necesidades que se xeran neste tipo de organizacións. Para o ano que vén haberá que revisar esas contas, digo eu..., se non queremos que desapareza un foro que pode ser xermolo de algo moi enriquecedor para o século que imos comezar.